



www.oqueleo.com

© 2005, Concha Blanco

© 2005, Xosé Cobas

© Desta edición: 2017, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.

e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-02-0

Depósito legal: M-1065-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: agosto de 2017

Dirección editorial:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Realización:

Fran Ameixeiras e Xoán L. Bendaña

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

A bruxiña da sorte

Concha Blanco

Ilustracións de Xosé Cobas

oquele_o

O encontro no escaparate

Era unha tenda de regalos. Desas tendas en que podes entrar sen saber o que vas pedir. Só tes que adiantarlle os anos que ten a persoa á que pretendes agasallar con algo. Entón sacan obxectos variados; parece que o encargado ou encargada da tenda é quen coñece perfectamente ao agasallado. Todo o contrario: o máis seguro é que non o vira nunca.

O sol petaba forte no escaparate. Os diademas de cores, os bolsos e os moedeiros de coiro, os colares de perlas e o resto dos obxectos que alí se amosaban, parecían aguantar pacientemente aqueles raios luminosos. Agás un: un gancho do pelo con forma de bolboreta.

—Uf! Que calor!

8

Preto dese gancho había outros con formas de máis animais: elefantes, vacas, pombas... Tamén estaba á súa esquerda un reloxo espertador en miniatura que intentou dicir algo, pero logo deu unha badalada sen máis.

Foi, en cambio, un prendedor de lapela quen se decidiu a responder a aquel laio. Un prendedor coa figura dun cabaliño do demo. Aínda que o tiña case en fronte, a bolboreta non reparara demasiado nel.

—Pois si que vai calor! E a min menos mal que me puxeron á sombra deste neceser, porque, co meu corpo metálico, se me poñen coma a ti, parecería o ferro de pasar a roupa.

—Ui! Seica prefería ser metálica porque así, de plástico, pode que me vaia derreter se este sol non deixa de quentar.

—A verdade... tocouche mal sitio. Mal sitio polo do sol, vaia! Porque, para te verem, é o mellor.

—Levas moito tempo aquí, neste escape-rate? —preguntou a bolboreta.

—Abondo. Non sei calcular canto, pero uns días xa levaba cando te trouxeron a ti.

9

Nestas, o miniespertador emitiu timidamente cinco badaladas. O cabaliño do demo e a bolboreta, sorprendidos, deixaron de falar. As olladas de ambos os dous volvéronse cara ao reloxo. Despois miráronse entre eles.

A bolboreta entón falou:

—Nunca, ata agora, oíra o son do esper-tador.

—Nin eu —respondeu un pouco abraia-do o cabaliño do demo—, e xa estaba aquí antes ca nós.

—Chiiist! —ordenou suavemente o reloxo.



—Anda! —sobresaltáronse.

—Que pasa? —preguntou a bolboreta.

—Que acaba de entrar Tomé, o encargado da tenda e non vos debe oír. Porque aquí estamos mortos, e os mortos non falan.

—É certo; non me fixera á idea. Mortos!

—E ti por que falas? —quixo saber o cabaliño. 11

—O de falar é só agora para aclarar isto. Eu, o que si fago, é tocar.

—Por certo; se es un espertador, entendendo que tocarás para espertar os que están... mortos —quixo aclarar a bolboreta.

—Non. Eu son un espertador especial: cando toco é para que, despois do meu son, se garde silencio. Ademais, non vos decatades de que dei badaladas sen ter badalo?

—Tamén, tamén.

—Cousas do meu inventor. Mellor dito: erros do meu inventor. Quixo facer de min

un reloxo-cuco sen paxaro e saínlle un reloxo-campá sen badalo.

—Non, ho! —admirouse a bolboreta.

—Si, ho! Hai máis coma min nunha caixa no almacén.

—E coma min!

12 —Pois coma min non hai máis; parecidos si —informou o cabaliño do demo.

—Daquela ti es, dos tres, o único exclusivo —asegurou a bolboreta.

—Eh? —puxo xesto de confusión o cabaliño.

—Exclusivo quere dicir, máis ou menos, irrepertible —aclaroulle o reloxo.

Os personaxes tiñan nome

Pero estes personaxes do escaparate tiñan cadanseu nome propio. O miniespertador chamábase Cuqui, a bolboreta, Mina, e o cabaliño do demo, Pax.

13

Dende que Pax decidira falar, os días pasaban máis alegres para os tres amigos. Os demais obxectos que enchían o decorado mantiñanse calados. Cuqui, o reloxo, cría que non entraban en conversa porque eles si estarían mortos de verdade. Pola contra, Mina, a bolboreta, opinaba que tiñan vida, pero que serían tímidos e preferían observar, coma se fosen espectadores dunha película de debuxos animados. E Pax, que era

máis desconfiado, chegou a pensar que eran detectives disfrazados que poderían traballar para Tomé, o encargado.

—Iso non me cadra —saíulle ao paso Mina—. Para que necesitaría detectives Tomé?

—Pois... eu que sei.

14 —Non, ho! —exclamou o reloxo—. Tomé é boa xente. Só ten de malo que é un pouco bruto.

—En que te baseas para afirmar iso?



—Verás. A min rompeume a corda porque se empeñou en darlle voltas e voltas ata que me mancou. E todo porque eu non daba as badaladas ás cinco da tarde.

—E logo por que non deches as badaladas ás cinco? —quixo saber Pax.

—Porque o sol petárame moito e doíame a cabeza; non tiña ganas de nada, e menos de facer eu mesmo ruído que me molestaba.

—Entón o amaño sería unha aspirina —comentou Mina, a bolboreta.

—Non, ho! Unha limpeza!

—Unha limpeza en seco, digo eu, coma nas tinturarias —falou Pax de novo—, porque aos reloxos non se vos pode mollar.

—Pois a min non; non se me pode mollar, porque daquela...

—Arrefríaste —interrompeu Pax.

—Máis ou menos. Pero xa hai moitos reloxos que se poden mergullar na auga. Eu

prefiro ser como son; mergullarme méteme medo.

Con todo, nin o sol nin a auga en exceso son bos. Nin para as cousas nin para as persoas.

16 Isto sábeo ben Tomé. Por mor do sol, obxectos do escaparate teñen perdido a cor nalgunhas partes e por esa razón tivo que vendelos a baixo prezo, tivo que malvendelos, como dicía el; ou, no peor dos casos, tiralos, porque nin sequera valían para regalar.

Coa auga pasa outro tanto. Unha noite apareceu o chan da tenda anegado, que aínda nunca soubo ao dereito como puido suceder, e a mercadoría que estaba en caixas apoiadas no chan deteriorouse bastante.

Tomé é unha persoa seria e responsable. Sabe tratar os clientes e nunca lles vendería nada en malas condicións.

Precisamente, Tomé tiña por costume levar unha viseira na cabeza cando quentaba o sol e un sombreiro impermeable cando chovía. A viseira que máis utilizaba era unha de cor marrón, de pana; logo, tiña outras. Sombreiro só tiña un. Era de cor azul escura; utilizábao moitas veces en vez de paraugas. Os paraugas non lle gustaban; e iso que tamén os vendía el e ben bonitos, pero perdera uns cantos e dáballe rabia.